# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2021/1 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 29 de xaneiro de 2021 |
| **Duración** | Desde as 10:00 ata as 11:15 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

| APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 22/12/2020. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |



Begoña González Pedregal (1 para 2)
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 03/02/2021
HASH: 567121f86601f53738f59bc1f9c4a338

rocio lopez garcia (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 04/02/2021
HASH: 3138d77e67743bc51523075352b99a94

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 25

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e dous de decembro o dous mil vinte (22/12/2020), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 656/2020. SOLICITUDE LICENCIA D. MANUEL SEIVANE GARCÍA. RETELLADO VIVENDA**

| Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por D. MANUEL SEIVANE GARCÍA, con NIF. NÚM.****0975T, con domicilio en Lanzós núm. 8 (Santo Adrao-Lourenzá), con data 11/12/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 2300, para a realización dos traballos consistentes en OBRAS DE RETELLADO DE VIVENDA sita no lugar de Lanzós núm. 2 (segundo catastro), parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), no P.Km. 1, marxe esquerdo LU-P-2801, Estrada de Lourenzá-Augaxosa, parcela con Referencia Catastral 27027C009027890000DX e a vivenda con Referencia Catastral 002000600PJ31B0001PE, situada no polígono 9, parcela 2789 da zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur e tratándose da Casa Indiana de Lanzós, elemento a protexer coa Clave 27027_15264 no Plan Básico Autonómico aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo, para o que se acompaña Memoria Valorada das obras a realizar, redactada por Dª. Angeles Moirón Fernández, colexiada núm. 621 do COAAT, de data Novembro/2020.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 07/01/21 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo non Urbanizable de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- As obras solicitadas que consisten na substitución de material de cubrición (pizarra), por pizarra rústica de boa calidade e colocación

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 25



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

de entaboado novo de madeira sobre o existente. Colocaranse ademais canalóns e baixantes.
- A citada vivenda segundo o Plan Básico Autonómico está tipificada como unha casa indiana, polo que deben de cumprirse as condicións esixidas na Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia de data 23/12/20 que literalmente son:
informe de la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Consellería de - --
a) Non se poderá intervir na estrutura da edificación nin alterar a súa configuración volume nin imaxe.
b)A cuberta rematarase con lousa irregular do país de características similares á orixinal.
c) As baixantes serán de cinc ou en aluminio lacado na mesma cor das fachadas e con sección circular.
d)Tras finalizar a intervención, a Dirección Facultativa realizará unha memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases e para todas as disciplinas aplicadas. Conterá, ao menos, unha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final. Esta memoria final entregarase á Dirección Xeral competente en materia de patrimonio cultural no prazo de seis meses dende a finalización da intervención ( arr.43.2 e 43.3 da LPCG).
- A vivenda encóntrase na zona de afección da estrada provincial que une Santo Tomé con Augaxosa, Pkm. 1, marxe esquerdo LU-P-2801, pero ao tratarse dunha substitución de tellados é suficiente a presentación ante o servicio de vías e obras da Deputación de Lugo dunha declaración responsable (Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas que no seu artigo 21 modifica a Lei 8/2013 de 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Decreto de aprobación da Deputación Provincial de Lugo de 26/07/19 (aprobando o modelo normalizado de declaración responsable) documento que obra no expediente que tivo entrada nese organismo con data 27/07/2020.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar catrocentos catorce euros con corenta céntimos (414,40) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en trece mil oitocentos trece euros con corenta e cinco céntimos (13.813,45.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 25

**Expediente 332/2019. SOLICITUDE LICENCIA CAMBIO PASAMAOS. D. ANXO FERNÁNDEZ VILLALBA**

| Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por D. ANXO FERNÁNDEZ VILLALBA, con NIF. NÚM. ****6320R, con domicilio C/Rego Vilazo núm. 7 (Santa María-Lourenzá), con data 17/04/2019 rexistrada de entrada co núm. 819, para a realización dos traballos consistentes en OBRAS DE CAMBIO DE PASAMAOS DE CASTAÑO en vivenda sita en Rego Vilazo núm. 7 parroquia de Santa María (Lourenzá), con Referencia Catastral 7746007PJ3174N0001HF para o que se acompaña presuposto da obra a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 23/12/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano Ordenanza 01C. Residencial Intensiva en mazá compacta.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- As obras solicitadas que consisten en cambio de pasamaos de castaño no interior da vivenda son de escasa complexidade e dado que non supoñen alteración do volume enténdese que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico e por tratarse de obras interiores que non afectan ao exterior non é necesario informe da Consellería de Cultura.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cincuenta e sete euros con dous céntimos (57,02) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil novecentos euros con oitenta e tres céntimos (1.900,83.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 25

terceiros.

**Expediente 677/2020. SOLICITUDE DE CEFIRO HOLDCO SLU PARA INSTALACIÓN DE TORRE DE MEDICIÓN METEREOLOXICA "LA CAZOLGA" DE MEDICIÓN DE RECURSO EÓLICO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por D. Miguel Aquilino Fernández Saavedra, con NIF. Núm.****1991C, en representación (que acredita mediante escritura de poder Núm. 2060 de 06/10/2020 da Notaría de Madrid de Dª. Eloísa López-Monís Gallego) de **CEFIRO HOLDCO SLU**, con CIF. B88445788, con domicilio social en C/Orense núm. 34-10º (28020 Madrid) con data 22/12/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 2020-E-RE-306 para a realización dos traballos consistentes en **OBRAS DE INSTALACIÓN DE TORRE DE MEDICIÓN METEREOLÓXICA ”LA CAZOLGA” DE MEDICIÓN DE RECURSO EÓLICO** ,sita en Porto Verín, lugar de A Cazolga parroquia de Santa María, no Monte en Mao Común “Verín e Carrás”, na parcela con Referencia Catastral 27027A001007330000WY, nas Coordenadas HUSO 29 ETRS-89/UTM-X (metros): 636.152/UTM e (metros): 4.820.381/Altitud: 469 m. da provincia de Lugo, Concello: Lourenzá, para o que acompaña Proxecto redactado por D. Jaime Núñez Rodríguez, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Colexiado núm. 31727.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 26/01/21 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico Forestal.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Trátase de solo rústico de protección forestal por tratarse dun



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 25

monte veciñal no que as instalacións e infraestruturas de produción e transformación de enerxía así como actividades científicas son usos permitidos sen necesidade de autorización autonómica por tratarse dos usos a que fai referencia o artigo 35.e) e 35.m) da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia asimilable a obra menor de carácter provisional.
- De acordo co disposto no artigo 143 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e no artigo 353 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, as solicitudes de licencia que se refiran á execución de obras ou instalacións, deberán xuntar proxecto completo redactado por técnico competente na forma e contido que se indica no Regulamento indicado.
- Previamente ao inicio das obras, deberase presentar proxecto visado, oficio de Dirección de Obra e coordinación de seguridade.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil douscentos vinte e cinco euros con noventa e dous céntimos (1.225,92 ) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en corenta mil oitocentos sesenta e catro euros (40.864,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 652/2019. SOLICITUDE DE ANULACIÓN DE LICENCIA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR. D. JOSÉ RAMÓN SIMÓN GÓMEZ**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto escrito de D. JOSÉ RAMÓN SIMÓN GÓMEZ con NIF.****2934F, con domicilio en Avda. Puente de Manzanares núm. 25, 28770 Colmenar Viejo (Madrid), con data 07/01/21 rexistrada de entrada co núm. 225, no que solicita a anulación da licencia concedida pola Xunta de Goberno Local de 29/10/20, para “CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” no lugar de Siviceira da parroquia de Santo Tomé do Termo Municipal de Lourenzá, na parcela con Referencia Catastral 27027C009030640000DS, así como a anulación da liquidación de taxas practicada por Secretaría Intervención por importe de catro mil sesenta e nove euros con catorce céntimos



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 25

(4.069,14) en concepto de Imposto de Construccións, Instalacións e Obras, por non poder excutar a citada obra por motivos da situación creada como consecuencia da pandemia Covid19.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:
Primeiro.- Anular a licencia concedida pola Xunta de Goberno Local de data 29/10/20, a D. JOSÉ RAMÓN SIMÓN GÓMEZ para "CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" no lugar de Siviceira da parroquia de Santo Tomé do Termo Municipal de Lourenzá, na parcela con Referencia Catastral 27027C009030640000DS.
Segundo.- Anular a liquidación da taxa practicada por Secretaría Intervención por importe de catro mil sesenta e nove euros con catorce céntimos (4.069,14) en concepto do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras.
Terceiro.- Notificar o presente acordo a D. José Ramón Simón Gómez ao efectos procedentes.

**Expediente 45/2021.INFRAESTRUCTURAS USO PÚBLI CO:"MELLORA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE LOURENZA"**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade /Asentimento |
|---|---|

[...]to que a Memoria Valorada, redactada pola Arquitecta Dª. Marta Sánchez Seivane por importe de cincuenta e cinco mil cincocentos vinte e tres euros con cincuenta e sete céntimos (55.523,57) foi aprobada por Resolución da Alcaldía de data 30/01/20 e ratificada dita aprobación pola Xunta de Goberno Local de data 28/02/20
A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
PRIMEIRO: Solicitar ao abeiro da a Orde de 30 de decembro de 2020 publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 12 do 20/01/21 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida unha subvención para "MELLORA DAS INSALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE LOURENZA", por importe de corenta mil euros (40.000,00) que corresponden a axuda económica máxima para as



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 25

axudas individuais ascendendo o presuposto de execución material á cantidade de corenta e cinco mil oitocentos oitenta e sete euros con vinte e cinco céntimos (45.887,25), o I.V.A. ascende á cantidade de nove mil seiscentos trinta e seis euros con trinta e dous céntimos (9.636,32) e o presuposto total ascende á cantidade de cincuenta e cinco mil cincocentos vinte e tres euros con cincuenta e sete céntimos (55.523,57) comprometéndose o Concello ao abono da parte non subvencionada, e dicir, quince mil cincocentos vinte e tres euros con cincuenta e sete céntimos (15.523,57).

| PRESUPOSTO TOTAL | PRESUPOSTO SEN IVE | IVE | SUBVENCIÓN SOLICITADA | APORTACIÓN CONCELLO |
|---|---|---|---|---|
| 55.523,57 | 45.887,25 | 9.636,32 | 40.000,00 | 15.523,57 |

SEGUNDO: Aceptar integramente os termos e prescricións, incluídas as de financiamento, contidas na Orde de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia,  Xustiza e do 30 de decembro de 2020.

**Expediente 483/2020. ADXUDICACIÓN "MELLORA INMOBLE DA CASA DE XUVENTE E PAI DO CONCELLO DE LOURENZA"**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vistas as características do contrato que se pretende adxudicar da obra: "Mellora do Inmoble da Casa da Xuventude e PAI de Lourenzá" por importe de vinte e un mil trescentos cincuenta e cinco euros cpm tromta e sete céntimos (21.355,37) mais catro mil catrocentos oitenta e catro euros con sesenta e tres céntimos de IVE (4.484,63) o que fai un total de vinte e cinco mil oitocentos corenta euros (25.840,00)) e examinada a documentación que a acompaña.
Visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Visto que se presentaron presupostos de tres empresas:
- HONDIGO S.L. con C.I.F. B27220169 por importe de vinte e un mil cento oitenta euros (21.180,00) mais catro mil catrocentos corenta e sete euros con oitenta céntimos de IVE (4.447,80) o que fai un total de vinte e cinco mil seiscentos vinte e sete euros con oitenta céntimos (25.627,80).
- Construcciones Marcos Villamide S.L.U. con C.I.F. B27492297 por



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 25

importe de vinte e un mil douscentos oitenta e oito euros (21.288,00) mais catro mil catrocentos setenta euros con corenta e oito céntimos de IVE (4.470,48) o que fai un total de vinte e cinco mil setecentos cincuenta e oito euros con corenta e oito céntimos (25.758,48).
- Servicios de la Construcción Arco Labora S.L.U. con C.I.F. B27471960 por importe de (21.288,00) mais catro mil catrocentos setenta euros con corenta e oito céntimos de IVE (4.470,48) o que fai un total de vinte e cinco mil setecentos cincuenta e oito euros con corenta e oito céntimos (25.758,48).
A Xunta de Goberno en votación ordinaria por unanimidade,
ACORDA:
PRIMEIRO.- Xustificar a celebración do contrato “Mellora do Inmoble da Casa da Xuventude e PAI de Lourenzá”, segundo Memoria valorada redactada pola Arquitecta Dª Marta Sánchez Seivane, por importe de 25.840,00 IVE incluído, que será financiado ó 100% pola Exma. Deputación Provincial, en virtude dun Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá, asinado o 20/10/20 quedando acreditado que a contratación mediante un contrato menor de obras é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.
SEGUNDO.- Contratar a obra de “Mellora do Inmoble da Casa da Xuventude e PAI de Lourenzá” coa empresa HONDIGO S.L. con C.I.F. B27220169 e con domicilio fiscal en Vidal, núm. 1 (27765 Trabada) no prezo de vinte e cinco mil seiscentos vinte e sete euros con oitenta céntimos (25.627,80) IVE INCLUIDO, e co seguinte desglose:
Prezo 21.180,00euros.
I.V.E. 4.447,80 euros.
Total: 25.627,80 euros.
TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente, que ascende a vinte e cinco mil seiscentos vinte e sete euros con oitenta céntimos (25.627,80)
CUARTO.- Una vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago, se procede.
QUINTO-. Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días artir da data de adopción do presente acordo.
SEXTO.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o valor engadido.

**Expediente 204/2020. PLAN UNICO 2020. A). APROBACIÓN**


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506
Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 25

| **PROXECTO "MELLORA VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO A CARBALLAL". B). PLAN SEGURIDADE "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES NO CONCELLO DE LOURENZÁ"** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A.- APROBACIÓN PROXECTO "MELLORA VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO A CARBALLAL". BAIXA PLAN ÚNICO 2020.

Visto que no Plan Único da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio de 2020 figuraba incluída, entre outras, a execución da obra denominada "Mellora de vías municipais: Camiño da Igrexa de Santo Adrao a Chacote e Camiño a Liñares".

Visto que a Xunta de Goberno do Concello de Lourenzá, con data 05/11/20, adxudicou a execución de dita obra no prezo de 110.611.04 Euros, obténdose unha baixa por importe de trinta e catro mil seiscentos catro euros con noventa e sete céntimos (34.604,97).

Visto que na Base núm. 11 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 (BOP. Núm. 77 de data 03/04/2020) establecese que*: "as baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello.*

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico denominado "MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: CAMIÑO AO CARBALLAL", cun presuposto de VINTE E OITO MIL CINCOCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (28.577,97) ao que se engadirá un IVE de SEIS MIL UN EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (6.001,37) o que fai un presuposto total de TRINTA E CATRO MIL CINCOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (34.579,34) redactado por Dª. Marta Sánchez Seivane, Arquitecta Municipal, en xaneiro de 2021.

SEGUNDO.- Solicitar á Deputación Provincial, de conformidade co disposto na Base Reguladora núm. 11 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos/2020, que a baixa obtida na licitación da obra incluída no Plan Único 2020, sexa investida na execución da obra da mesma finalidade e denominada "MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: CAMIÑO AO CARBALLAL".

B.- APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES NO CONCELLO DE LOURENZÁ". PLAN ÚNICO 2020.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa Construcciones Isidro Otero S.L. con C.I.F. B27250182, adxudicatario das



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 25

obras de “MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES NO CONCELLO DE LOURENZÁ”.
Visto o Informe favorable do Plan de Seguridade e Saúde emitido por Dª. Marta Sánchez Seivane, Arquitecta e Directora das obras de referencia de data 25/01/21.
Visto o Real Decreto 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (B.O.E. 25/10/97) e de conformidade co establecido en el artigo 7.2, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
1º.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra “MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES NO CONCELLO DE LOURENZÁ”.
2º Notificar a presente Resolución a Construcciones Isidro Otero S.L. para os efectos oportunos.

| **Expediente 901/2018. CONVENIO CO CLUB E.D. LOURENZA 2020-2021. ESCOLAS DEPORTIVAS** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Á vista do borrador do Convenio a subscribir entre o Concello de Lourenzá e o Club E.D. Lourenzá para o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais de Fútbol, Fútbol Sala, Atletismo, Baloncesto e Patinaxe para a tempada 2020/2021, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade ACORDA:
Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio a subscribir entre o Concello de Lourenzá e o Club E.D. Lourenzá para o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais de Fútbol, Fútbol Sala, Atletismo, Baloncesto e Patinaxe, da tempada 2020-2021, nos termos nos que está redactado e que son os que se transcriben a continuación:

“CONVENIO A SUSCRIBIR ENTRE O CONCELLO DE LOURENZÁ E E O CLUB E.D. LOURENZÁ PARA O DENSENROLO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE FÚTBOL, FÚTBOL SALA, ATLETISMO, BALONCESTO E PATINAXE, SEMPRE E CANDO AS AUTORIDADES SANITARIAS O PERMITAN NESTA SITUACIÓN DE PANDEMIA
TEMPORADA 2020/2021
COMPARECEN:
- Dunha parte, Dª. Rocío López García, con NIF. núm.76580879X,como Alcaldesa do Concello de Lourenzá, con CIF. P2702700B, facultada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de Febreiro de 2016,
- E doutra D. PABLO MASEDA FERNÁNDEZ, con NIF. núm. 77.592743-N como PRESIDENTE e en representación do Club E.D. Lourenzá., con CIF-G2721194;
1.- OBXECTIVOS DO CONVENIO:



Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 25

Os obxectivos xerais do Convenio para o desenrolo das Escolas Deportivas Municipais serán:
A) Coordinar, Cooperar, e Impulsar actividades desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro que por outro lado complementan servizos de utilidade pública e interese social.
B) Colaborar mediante o ensino deportivo no proceso de educación integral do alumnado, entendendo sempre as ensinanzas deportivas, no como un fin en si mesmas, senón como un medio de colaboración en tal proceso.
C) Rodear ó proceso de ensino deportivo do ambiente que garanta o benestar persoal do alumnado, e o fomento e a mellora das súas relacións humanas.
D) Crear hábitos deportivos e hixiénicos para que nun futuro se desenvolvan autonomamente e contribúan á consecución do estado de benestar físico, mental e social da persoa adulta.
E) Garantir a todo o alumnado, en función dos recursos dispoñibles, a posibilidade de aprender e practica-lo deporte que eles elixan libremente, e poder desenvolver as súas aptitudes deportivas básicas nun entorno sa e seguro.
F) Inculcar calidades tales como a orde, disciplina, respecto ós demais, así como o coñecemento do regulamento da modalidade deportiva.
G) Fomentar un espírito de esforzo e de responsabilidade en Cooperación co outro/a.
H) Dotar ao alumnado dos conceptos técnicos e tácticos adecuados a súa idade e nivel de desenrolo e actuar acorde cos principios metodolóxicos propios da Educación Física, e que estea imbuída nun marcado cariz lúdico -educativo.
I) Servir como marco regulador para ambas partes en canto a dereitos e obrigacións.
2.-XENERALIDADES
A).- A estrutura deportiva de cada etapa de formación e modalidade deportiva incluída neste Convenio farase indicando categorías, grupos, idades, e prazas totais.
B) O calendario das Escolas Deportivas adaptarase ao calendario escolar,descansando en períodos de vacacións, pontes e festivos, salvo que se autorice o contrario por razóns técnicas ou competitivas. O desenrolo da actividades nas Escolas Deportivas será, por regra xeral, de outubro a xuño (ambos incluídos). Poderase comezar antes e finalizar con posterioridade se o Club E.D.Lourenzá, encargado da dirección técnica o solicita e sempre xustificado polo calendario de competición.
C) O club ou entidade dispoñerá do persoal coa titulación ou capacitación suficiente para a organización do deporte no seu traballo de Escolas Deportivas.
D) O Concello será totalmente alleos ó contrato de compra, subministro e calquera outro que o club realice unilateralmente sen autorización previa e por escrito da Administración, para o funcionamento da Escola Deportiva.
E) A xestión da instalación por parte do club non exclúe á Administración para realizar actividades puntuais ou regulares en dita instalación, previo aviso, ó club ou entidade; nun prazo de 48 h. como mínimo.
F) O club ou entidade atenderá ás normas de uso de instalacións deportivas municipais vixentes.
G) O equipamento, material técnico ou calquera tipo de material adquirido con cargo ás subvencións da Administración será de propiedade municipal, limitándose o club ou entidade á xestión do seu uso e custodia do mesmo.
H) Concepto de alumnado: Se considerarán alumnas e alumnos das Escolas Deportivas Municipais a todas aquelas persoas que contando con praza dispoñible definitiva teñan presentado toda a documentación requirida e satisfeito O PAGO DAS CUOTAS OBRIGATORIAS DA TAXA MUNICIPAL NOS PRAZOS ESTIPULADOS"
I) En calquera caso, o Concello de Lourenzá quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións as que quedan obrigado o Club en virtude do presente Convenio.
J)O Club disporá da xestión do bar do campo e do bar ou máquina expendedora do pavillón, sendo a xunta rectora do Club quen ingrese os beneficios obtidos pola explotación do mesmo,debendo quedar constancia na súa contabilidade dos ingresos obtidos por este concepto.
3.-OBRIGACIÓNS DO CLUB E.D.LOURENZA
A) Propoñer ao Concello un equipo técnico e humanamente cualificado para atende-los diferentes grupos das Escolas.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6EMSZXSL7HXRHRJ5JHS9CJJLF | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 25

B) Planificar , co visto bo do Monitores Deportivo Municipal de Lourenzá, a estrutura, organización, obxectivos das Escolas Deportivas para a tempada en curso así como os criterios técnicos, didácticos e metodolóxicos da Escola Deportiva. DITA MEMORIA DE PLANIFICACIÓN DEBERÁ PRESENTARSE Ó CONCELLO ANTES DA SINATURA DO CONVENIO OU PRORROGA DO MESMO.
C) Coordinar as actuacións de tódolos monitores/as e realizar o seguimento dos distintos grupos das Escolas.
D) Establecer as necesidades de material e equipamento, e as prioridades de compra e comunicar ao Monitor Municipal de Deportes os desperfectos observados nas instalacións deportivas.
E) Supervisa-las inscricións, fichas, cuotas e calquera outro requisito que as diferentes Escolas teñan que cumprir para poder participar nas competicións e campionatos que se teñan disposto na programación anual así como establecer os equipos de competición e asignar os horarios ós diversos grupos das Escolas nas instalacións municipais.
F) Subscribir para tódolos alumnos/as inscritos nas Escolas Deportivas Municipais un seguro de accidentes.
G) Trasladar ó Concello toda circunstancia, queixa ou solicitude que considere necesaria.
H) Atendera os pais, nais ou responsables do alumnado das Escolas.
